



Concello de Ortigueira

ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

Na Casa do Concello, sendo as dez horas e cincuenta e cinco minutos do día vinte e oito de maio de dous mil dezaoto reúnese os membros que a continuación se indican para constituír a Mesa de Contratación prevista no prego de cláusulas económico administrativas que rexe o procedemento aberto para a contratación do Servizo Alleo de Prevención de Riscos Laborais (2018-2022)

PRESIDENTE: Don Juan Vicente Penabad Muras, Alcalde Presidente do Concello

VOGAIS.- Don Iago Manuel Bermejo Vargas Secretario Xeral do Concello; dona Yolanda Ares Bao, Interventora municipal; don Damaso G. Pico Balsa, Técnico municipal e don Juan Manuel Cao Garcia concelleiro de obras, servizo e medio rural

SECRETARIA DA MESA: dona María Luisa Sierra Vale, funcionaria do Concello

Polo Presidente declarase constituída a Mesa de Contratación xa que se cumpre co quórum requirido

Pola Secretaria da Mesa informase

Que con data 15 de febreiro de 2018, e en cumprimento do acordado pola Mesa de Contratación, requiriuse a entidade **MAS PREVENCIÓN SERVICIO DE PREVENCIÓN S.L** que emendase as deficiencias detectadas na documentación administrativa (presentación en soporte papel) no prazo de tres días hábiles para o que debería presentar dita documentación en soporte pdf asinada electronicamente na sede electrónica ou do rexistro presencial en DVD ou CD. Recibido o requirimento pola entidade o día 16 de febreiro de 2018. MAS PREVENCIÓN SERVICIO DE PREVENCIÓN SL o día 16 de febreiro de 2018, presenta na sede electrónica co número de rexistro 2018-E-RE-69 escrito no que manifesta "Atendiendo a su requerimiento de fecha 15 de febrero de 2018, se procede a incorporar a través de la sede electrónica el Sobre A. Documentación Administrativa en formato pdf."

Que con data 15 de febreiro de 2018, e en cumprimento do acordado pola Mesa de Contratación, requiriuse a entidade **NORPREVENCIÓN S.L** que emendase as deficiencias detectadas na documentación administrativa (presentación en soporte papel) no prazo de tres días hábiles para o que debería presentar dita documentación en soporte pdf asinada electronicamente na sede electrónica ou do rexistro presencial en DVD ou CD. Recibido o requirimento pola entidade o día 15 de febreiro de 2018. **NORPREVENCIÓN S.L** o día 16 de febreiro de 2018, presenta na sede electrónica co número de rexistro 2018-E-RE-72 escrito no que manifesta que en cumprimento do requirimento achega a seguinte documento "Relación de documentos, Anexo IV – Declaración responsable del licitador y Declaración sobre pertenencia a grupo empresarial de acuerdo a lo determinado en el artículo 42.1 del código de comercio"

Por resolución da Alcaldía do día 23 de maio de 2018 estimase o recurso interposto por CUALITS SLU contra o acordo da Mesa de Contratación da súa exclusión no procedemento e se lle require para que emende as deficiencias detectadas na documentación administrativa que motivou a súa exclusión no prazo de tres días hábiles. O día 24 de maio de 2018 a entidade recibe a notificación de dito recurso. **CUALITS S.L** o día 24 de maio de 2018, presenta na sede electrónica co número de rexistro 2018-E-RE-219 escrito no que manifesta que en cumprimento do

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

requirimento achega a documentación administrativa emendada

Pola Mesa de Contratación examínase dita documentación e compróbase que:

I.- O arquivo que achega **MAS PREVENCIÓN SERVICIO DE PREVENCIÓN SL.** contén un documento en PDF pero non está asinado dixitalmente, se non que semella ser o mesmo documento presentado e asinado en soporte papel escaneado e polo tanto non se pode considerar emendada a eficiencia detectada por esta Mesa de Contratación xa que tal e como se fai constar no requirimento, a licitadora debería proceder a emenda mediante a presentación da documentación correspondente ao sobre A “Documentación Administrativa” en formato pdf debidamente asinada electronicamente a través da sede electrónica deste Concello ou no Rexistro presencial en CD ou DVD (cláusula 13 do Prego de Cláusulas económico Administrativas que rexe o procedemento). “ e dita documentación segue sen estar asinada electronicamente.

II.- A documentación presentada por NORPREVENCIÓN SL e CUALTIS SLU estimase que cumpre os requisitos establecidos na cláusula 13 do Prego de cláusulas Económico Administrativas.

En consecuencia, a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Excluir do procedemento aberto para a contratación do Servizo Alleo de Prevención de Riscos Laborais (2018-2022) a licitadora MAS PREVENCIÓN SERVICIO DE PREVENCIÓN SL por estimar que non presentou a documentación administrativa de conformidade ca cláusula 13 do prego de cláusulas económico administrativas xa que no sobre A “Documentación administrativa” estaba en soporte papel e o arquivo con dita documentación presentado na sede electrónica, previo requirimento desta Mesa, tampouco esta asinada dixitalmente

Segundo.- ADMITIR no procedemento aberto para a contratación do Servizo Alleo de Prevención de Riscos Laborais (2018-2022), por estimar que a documentación administrativa cumpre o establecido no prego de cláusulas económico administrativas, as empresas SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE ASEPEYO S.L., TAPREGA PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L., CUALTIS S.L.U e NORPREVENCIÓN S.L.

A continuación, en acto público ao que asiste un representante da licitadora NORPREVENCIÓN SL, a Mesa de Contratación procede a apertura do sobre B “Criterios evaluables automáticamente a través de fórmulas”, co seguinte resultado

Licitador	Oferta	Formacion	Primeiros Auxilios	Reconom na localidade	Diagnoses cancro próstata	probos médicas citolóxicas
ASPY	8.990	10	10	0	5	5
TAPREGA	8.200	10	10	0	5	0
NORPREVENCIÓN	8.120	10	10	10	5	0
CUALTIS SLU	8.533,90	10	10	10	5	0

Ase mesmo compróbase que a licitadora NORPREVENCIÓN SL presenta a oferta en soporte papel polo que, en caso de resultar a oferta máis vantaxosa, se lle requirirá para que a presente en soporte dixital.

Acto seguido procedese a realizar o cálculo da puntuación da oferta

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

economica aplicando a fórmula elaborada por el Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela (<http://www.dicoruna.es/valoracion/>), obtendo o seguinte resultado

Licitador	Oferta	Puntuacion
ASPY	8.990	63,89
TAPREGA	8.200	96,60
NORPREVENCION	8.120	100
CUALTIS SLU	8.533,90	82,52

En consecuencia, a Mesa de Contratación, por unanimidade, propón ao órgano de contratación,

Primeiro.- CLASIFICAR as ofertas dos licitadores presentados e admitidos no procedemento aberto para contratación do Servizo Alleo de Prevención de Riscos Laborais (2018-2022) no seguinte orde decrecente

Licitador	Oferta	Puntuacion Econica	Puntuacion Melloras	TOTAL
NORPREVENCION	8.120	100	35	135
TAPREGA	8.200	96,60	25	121,60
CUALTIS SLU	8.533,90	82,52	25	117,52
ASPY	8.990	63,89	30	93,89

Segundo.- Requirir a empresa NORPREVENCION SL, por ser a licitadora cuxa oferta obtivo máis puntuación, para que no prazo de dez días habiles presente a documentación a que se refire a cláusula XXI do prego de cláusulas económico-administrativas que regula o procedemento. Ase made deberá presentar a súa oferta economica en formato pdf e asinada dixitalmente

E non habendo máis asuntos que tratar, o presidente levanta a sesión sendo as once horas e quince minutos estendéndose a presente acta, do que, como Secretaria da Mesa, certifico

Concello de Ortigueira